



CANTARES DE REIS

Por todos é sabido que o noso país é lugar de festexos e tradicións .

Os galegos aproveitamos a mínima oportunidade para organizar unha alborada e troulear. Como non podía ser menos, o Nadal é unha desas épocas .

Dende hai moitos anos en Galicia, a noite do 5 de xaneiro íase cantar Os Reis . Soían vir a Melide, doce, quince ou máis gaiteiros, cada un coa súa panda de mozos, que ían cantando os “reis” polas casas e así pasaban toda a tarde e parte da noite. Tamén ían polas aldeas e nos dous sitios ,a xente dáballes cartos, chourizos, ovos, etc, que é o que todos coñecemos por aguinaldo de Reis.

O día de Reis

Pero o paso do tempo non perdoa, e todo vai perdendo forza e intensidade , e, como non podía ser menos, os Cantares de Reis tamén foron desaparecendo paseniñamente no ocaso .

Por iso, no concello de Boimorto organizouse o día dous de xaneiro a I Xuntanza de Reiceiros, na que participaron arredor de 15 cuadrillas de reiceiros , o número de compoñentes destas variaba dende unha voz e unha gaita, tan só, ata cuadrillas de 20 e 30 persoas.

O obxectivo era non deixar morrer esta tradición , demostrar que non é preciso perder as nosas raíces, se nolo propoñemos; a música é par-

te importante da nosa historia.

O concurso consistía na interpretación dun cantar por cuadrilla; os mellores serían agasallados cun 1º premio de 300 € e un 2º premio de 150 €. Aínda que o premio non estaba mal, xa que un doce non lle amarga a ninguén, todos os alí presentes creo que tiñamos máis presente que o que primaba era a recuperación da tradición.

Esperemos que este obxectivo se vaia logrando pouco a pouco , e entre todos poñer da nosa parte para que as nosas raíces non se vaian perdendo .

Un saúdo. Unha melómana da música da terra!

AGUINALDOS DA TERRA DE MELIDE

San Xosé e mais María
Eles van para Belén
Eles van cantar os reises
Cantémolos nós tamén.

(para onde daban o aguinaldo)

Eiquí nos deron a reque naviva
Quen nola deu, moitos aníños viva
Eles que vivan e nós que vivamos
Roguen a Deus que no ceo nos vexamos

(para onde non daban o aguinaldo)

San Xosé ía moi triste
porque ía polas montañas
e María moi alegre
co seu fillo nas entrañas

Eiquí non deron do demo cousa,
de hoxe nun ano están baixo da lousa.
Eiquí non deron, eiquí nos darán
o cu da galiña i o rabo do can

CANTIGA DOS ÁNXELES

Anxeliños somos,
e do ceo baixamos,
Se nos dan licencia
os reises cantamos

Anxeliños somos,
e do ceo vimos,
bolsillos tragamos
diñeiro pedimos

E denantes das doce
a Belén chagaren

Eiquí hai señores
Que gastan chelina,
que nos han de dare
a súa pepina

E denantes das doce
a Belén chagaren

Señora casada,
señora solteira,
torresmos e ovos,
queixos da queixeira.

Déanos señora
anque sea pouco
un touciño enteiro
e a metá de outro

Que bastantes porcos
ten para matar

